

Día Internacional do Libro Infantil

Os libros fannos acougar

2 de abril
2019


INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE **iBbY**

Los libros
inspiran pausa

Els llibres
ens encomanen calma

Liburuak,
lasaiago bizitzeko

Books Help
us Slow Down



INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE **iBbY**

organización española
para el libro
infantil y juvenil

oepli

CONSEJO
GENERAL
DEL LIBRO



clijCAT

Consell Català del Llibre
Infantil i Juvenil



Galizagommi
elkartea

galix

asociación galega
do libro infantil e xuvenil



Designed by Deimantė Rybakovienė



Kęstutis Kasparavičius (nacido en 1954) é un ilustrador e escritor lituano que confecciona libros para a rapazada coma pezas de arte e que goza de prestixio internacional. Tras estudar dirección de orquestra na Escola de Artes National M. K. Ciurlionis durante dez anos, decidiu que tiña que vincular o seu futuro á ilustración. Nada máis rematar eses estudos, inscribiuse en deseño gráfico na Academia de Artes Vilnius. As ilustracións de Kasparavičius teñen en común un trazado único e realista, uns interiores cheos de vida e unhas perspectivas engaiolantes. Kasparavičius leva ilustrado máis de 60 libros, algún deles da súa propia autoría, que chegaron ás mans de crianzas de todo o mundo, desde Xapón ata Estados Unidos, grazas á tradución a 27 linguas. Desenvolveu arredor de 20 exposicións individuais e o seu traballo estivo exposto na Feira Internacional de Boloña nada máis e nada menos que en 13 ocasións. Cos seus libros de artista acadou numerosos premios en diferentes partes do mundo. A sección lituana do IBBY (International Board on Books for Young People) presentouno varias veces como candidato ao Premio Hans Christian Andersen e ao Premio Astrid Lindgren Memorial.

Os libros fannos acougar

Vou con présa!, Non teño tempo ningún!, Aburiño!... Expresións coma estas poden escoitarse quizais acotío, non só en Lituania -no centro mesmo de Europa-, senón en moitas partes do mundo. E a miúdo escóitase dicir tamén que vivimos na idade da abundancia da información, da présa e da precipitación.

Non obstante, colles un libro entre as mans e, inmediatamente sentes que algo muda. Parece que os libros teñen unha cualidade marabillosa: axúdannos a acougar. Tan pronto como abres un libro, mergúllaste nas súas tranquilas profundidades e sabes que nel as cousas non pasarán a tanta velocidade que non che permita apreciar nada. Comezas a entender que non paga a pena lanzarse a facer tarefas de dubidosa urxencia. Nun libro todo acontece paseniñamente, en orde e segundo unha secuencia. Quizais porque as súas páxinas están numeradas, quizais porque as súas follas roxen amodo a medida que as vas pasando. Nos libros, os acontecementos do pasado atópanse cos que aínda están por chegar.

O universo dos libros é moi extenso; e nel poden mesturarse a realidade coa imaxinación e a fantasía. Ás veces non sabes moi ben onde -se nun libro ou na vida- percibiches de que xeito tan fermoso caen as pingas do tellado nevado cando se derreten, ou de que forma tan bonita cobre a carriza o valado da veciña. Foi nun libro ou na realidade onde comprobaches que as amoras non só son bonitas senón tamén amargas? Aconteceu nun libro ou na realidade cando estabas estomballada sobre a herba seca no verán, e despois sentada coas pernas cruzadas, vendo como as nubes avanzan polo ceo adiante?

Os libros axúdannos a vivir amodo, apréndennos a observar e convidannos a buscar acomodo e sentar durante un longo anaco. A miúdo lemos sentadas, co libro sobre a mesa ou entre as mans, non si?

E non comprobastes o milagre de que cando estás a ler un libro, o libro tamén te le? Si, si, os libros tamén saben ler. Lenvos a fronte, as cellas, as comisuras da boca que soben e baixan, pero primeiro e por riba de todo, os libros len os ollos. E mirándote aos ollos, eles ven... vaites, xa sabedes o que ven!

Estou seguro de que os libros nunca están aburridos se están entre as túas mans. Unha persoa que goce lendo -sexa pequena ou adulta- é moito máis interesante que unha persoa á que non lle preocupen os libros, que sempre estea bulindo a contrarreloxo, que non teña tempo para sentar, que non teña tempo para fixarse en nada do seu arredor.

No Día Internacional do Libro Infantil, este é o meu desexo para todas nós:

Que non falten libros interesantes para o lectorado e lectorado interesante para os libros!

Tradución: Antía Marante Arias (GÁLIX)